

1º eso educación  
plástica  
visual



# A composición

# Índice

## **1. Introducción**

## **2. Factores compositivos**

2.1 Centro de interese

2.2 Liñas de forza

2.3 Peso visual

2.4 Dirección

2.5 Movemento

## **3. Esquemas compositivos**

## **4. Elementos estruturais**

4.1 Formato

4.2 Peso

4.2 Equilibrio

4.3 Sección Áurea

## **5. Figura e fondo na composición**

## **6. Organización da composición (variables)**

# 1. Introducción

No capítulo anterior vimos os elementos da linguaxe visual. Agora imos formular como estes elementos se poden combinar e distribuír nun espazo bidimensional (fotografía, pintura...) ou nun espazo tridimensional (escultura, arquitectura...). Igual que na linguaxe musical combinamos notas para crear unha canción e no oral relacionamos letras, sílabas e palabras para formar frases, a linguaxe gráfico-plástica ordena os seus elementos visuais (puntos, liñas, planos, textura, luz e cor) para crear un efecto de unidade e orde. A este proceso organizativo chamámolo composición. Podemos afirmar que **compoñer é organizar.**

Unha composición é unha disposición dos elementos gráfico-plásticos para crear un todo satisfactorio que presente un equilibrio, un peso e unha harmonía perfecta.

Nunha composición temos que ter en conta tanto os espazos cheos que ocupan as formas coma os baleiros.



## 2. Factores compositivos

Coa análise destes factores obteremos unha serie de datos que nos axudarán a coñecer a estrutura das diferentes formas da composición.

### 2.1 Centro de interese

#### 2.1 Centro de interese



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de iimaxes INTEF

Calquera obxecto ou forma por sinxela que sexa configúrase ao redor dun centro, sendo este unha propiedade estrutural da composición.


Dende o punto de vista xeométrico non é máis que un punto, pero dende o punto de vista perspectivo, este esténdese ata onde chegue a sensación de equilibrio e estabilidade, pode ser unha mancha, unha cabeza, unha man, unha figura, etc...

Nunha composición poden coexistir varios centros de interese dependendo da complexidade que teña. Estes centros xeran unha estrutura compositiva cun centro de composición que dá estabilidade e equilibrio á obra.



## 2.2 Liñas de forza

### 2.2 Liñas de forza



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de imaxes INTEF

Os centros de interese interactúan entre eles xerando as liñas de forza; estas son virtuais, existen pero non se ven.

Podemos consideralas como os elementos máis intuitivos da obra plástica.

Nas artes visuais, o equilibrio de composición pódese conseguir utilizando as liñas de forza, estas poden adoptar diferentes formas como curvas, oblicuas, quebradas, cruzadas ou en espiral.


As liñas de forza nunha estrutura compositiva poden estar determinadas pola disposición das formas e combinación das cores

## 2.3 Peso visual

### 2.3 Peso visual

Podémolo definir como a forza que posúe un elemento dentro dunha composición para atraer ou repeler os demais elementos que se encontran próximos a el.

Esta forza depende de varios factores como, tamaño, forma, posición, cor, textura, etc... Así como onde estea situado dentro da composición.



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de imaxes INTEF

## 2.4 Dirección

### 2.4 Dirección

Os elementos visuais crean diferentes relacións imponendo un percorrido visual que leva ao ollo cara aos centros de interese, é o que denominamos dirección visual.


Tipos:

#### Direccións visuais de escena

Son internas á composición, estarían creadas pola organización dos elementos plásticos. Poden ser:

■ **Representadas:** Son as creadas polos propios elementos visuais.

■ **Inducidas:** Non aparecen de forma explícita, senón que son suxeridas mediante miradas dos personaxes, por semellanza de cor, tamaño, forma, etc..



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de imaxes INTEF

## 2.4 Dirección

### Direcciones visuais de lectura

Baséanse na relación dos elementos dentro da composición.

Poden ser:

- **Horizontal** (de esquerda a dereita).
- **Vertical** (de arriba abaixo).
- **Curva**
- **Diagonal:** Ascendente (esquerda a dereita)  
Descendente (esquerda a dereita)



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de imágenes INTEF



## 2.5 Movemento

### 2.5 Movemento



Francisco de Goya

La familia de Carlos IV

Banco de imaxes INTEF

É o foco de atención máis forte nunha composición. Obtense pola aplicación dun ou varios recursos visuais: liñas de forza, tensión visual, secuencia lineal, agrupamento, ritmo, etc...


Considérase tamén movemento á tensión existente entre varios elementos formais ou lineais e o campo que os contén. A través deste as figuras son atraídas, ou repulsadas provocando a sensación de movemento ou desprazamento.

### 3. Esquemas compositivos


O esquema compositivo é un conxunto de liñas mestras que organizan os espazos onde van estar situados os elementos visuais. Este esquema adoita estar formado por figuras xeométricas (polígonos, círculos, óvalos), liñas rectas e curvas relacionadas entre si, ou redes modulares simples ou complexas.

Un esquema compositivo pode ser: Simple ou composto (formado pola combinación de esquemas simples).


#### Esquemas compositivos simple máis usados




Simétrico




En triángulo




Ovalado




En diagonal




En forma de L



En forma de T




En aspas



En cuña




En forma de S



Radial

## Simple




Francisco de Goya

Maja vestida (1802-1805)

Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnología Educativas y Formación Profesional)

## Composto



Francisco de Goya

Los fusilamientos del 3 de mayo

Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnología Educativas y Formación Profesional)

## 4. Elementos estruturais

### 4.1 Formato


#### 4.1 Formato

Podemos definir o formato como o espazo onde se desenvolve a composición dunha obra plástica. Este fai referencia á forma, tamaño e orientación espacial da devandita superficie ou soporte.

Tipos de formatos:

#### **Planos:**

- Horizontal ou apaisado: produce unha sensación visual de estabilidade, firmeza e solidez. Sensación dunha visión xeral, panorámica.
- Vertical ou retrato: produce unha sensación visual de equilibrio e elevación. Presenta unha tendencia ao percorrido ascendente. Menor estabilidade que o formato horizontal e tende a ser dinámico.
- Cadrado: produce unha sensación visual de equilibrio estable. É un formato máis neutro que os anteriores. O percorrido visual xira entorno ao centro.
- Circular: produce unha sensación visual de movemento envolvente. Onde as formas parecen flotar.
- Triangular: proporciona grande estabilidade na parte inferior e limita a expansión das formas na parte superior.



### **Tridimensionais (Formato esférico)**

Os formatos tridimensionais adoptan orientacións espaciais similares á dos formatos planos. Produce sensación de vertixe. As cúpulas.

#### **Irregulares**

Producen un efecto visual de dinamismo e liberdade. Adóitanse utilizar nas mensaxes publicitarias infantís e xuvenís e nas viñetas de cómics.

## 4. Elementos estruturais

### 4.2 Peso

#### 4.2 Peso

Definido anteriormente como a forza que posúe un elemento dentro dunha composición para atraer ou repeler aos demais elementos que se encontran próximos a el.

O peso dun elemento vén determinado non só polo seu tamaño senón pola posición que este ocupe respecto do resto de elementos.


Factores (ademais do propio peso do obxecto):

- Situación
- Illamento
- Cor
- Contraste
- Interese intrínseco do obxecto segundo a súa complexidade


## 4.2 Peso

### Ubicación


O espazo queda dividido en función da forza da gravidade e no sentido de lectura occidental de esquerda a dereita.




Menos pesada




Máis pesada




Menos pesada




Máis pesada



Menos pesada




Máis pesada



Maior peso  
por confluír os dous  
factores anteriores

## Illamento

Nunha composición cun grupo de elementos iguais, o que se encontra illado do grupo é o de maior peso.






## A cor


As cores claras pesan máis que as escuras por que irradian luz facendo que a superficie pareza maior.

As cores cálidas pesan máis que as frías.


As cores saturadas pesan máis que as menos saturadas



Claros - escuros




Fríos - Cálidos



Menos saturados - saturados

## O contraste


Se o fondo é neutro o obxecto que presenta máis peso é o que presenta maior contraste.





## Interese intrínseco do obxecto segundo a súa complexidade formal

As formas son máis pesadas canto máis doadas son de recoñecer. Así as formas básicas xeométricas serán as máis pesadas.



## 4.3 Equilibrio

### 4.3 Equilibrio

Dende o punto de vista físico podemos dicir que un corpo está en equilibrio cando a suma vectorial de todas as forzas que actúan sobre el é igual a cero (téñense que contrarrestar). É o estado no que as forzas que operan no corpo se compensan mutuamente chegando a unha situación de repouso.

Sobre o equilibrio, escribía Arnheim: «O contrapunto pictórico é xerárquico, isto é, contrapón unha forza dominante a outra subordinada. Cada unha das relacións é desequilibrada en si; xuntas equilíbranse todas mutuamente na estrutura da obra enteira» (*Arte e percepción visual*, páx. 56).

Na arte, o equilibrio relaciónase principalmente co peso compositivo, a dirección e a anisotropía (calquera cambio de escala dunha figura ou un corpo).

O equilibrio determina o lugar que debe ocupar cada elemento para que a proposta visual global (a imaxe) teña sentido.

**Clasificación:** segundo o profesor Villafañe distingue a existencia de dous tipos básicos de equilibrio compositivo (Villafañe, 1987, páx. 181):

## Equilibrio compositivo estático

O equilibrio estático pódese conseguir mediante a utilización de 3 técnicas: simetría, repetición de elementos e modulación do espazo en unidades regulares

**A simetría** é un tipo de relación espacial que ordena os elementos dunha composición formando partes iguais pero contrapostas. O peso repártese equitativamente a ambos os dous lados do eixe ou centro de simetría.

A creación dunha imaxe simétrica transmítenos unha sensación de orde e descanso.

Clasificación de simetrías:

Segundo a xeometría

AXIAL  
RADIAL

Segundo a exactitude

XEOMÉTRICA  
APARENTE

## Clasificación de simetrías:

### *a) segundo a xeometría:*

**AXIAL:** Cando estes elementos se organizan respecto a un eixe de simetría.

**RADIAL:** Cando estes elementos se organizan respecto a un punto de simetría.

### *b) Segundo a exactitude:*

**XEOMÉTRICA:** é a correspondencia exacta na disposición dos puntos ou partes dun corpo ou forma respecto a un centro, eixe ou plano.

**APARENTE:** É a que cumprindo as normas xerais da simetría varían lixeiramente a disposición dos puntos ou partes dun corpo ou forma respecto a un centro, eixe ou plano.



## Equilibrio compositivo estático


### Repetición de elementos



### Simétrico



### Modulación do espacio en unidades regulares



Pinturas en Deir-el-Medina, Egipto.  
Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de  
Tecnologías Educativas y Formación Profesional)

## Equilibrio compositivo dinámico

O equilibrio compositivo dinámico prodúcese cando non existe relación simétrica na composición, ao introducir unha desigualdade na repartición de volumes sendo as forzas visuais diferentes. Esta asimetría ou inestabilidade alcánzase ao ser desiguais a repartición de volumes a ambos os dous lados do eixe ou centro imaxinario. O resultado é unha composición onde necesariamente o todo adquire un carácter de global sobre as partes.

Baséase no uso de catro técnicas compositivas:

1. Xerarquización do espazo visual: Todas as formas que aparecen nunha composición non teñen a mesma importancia.
2. Diversidade de elementos e relacións visuais.
3. Contrastes.
4. Ritmo.: Consiste na repetición dun elemento visual nun intervalo espacial determinado

A creación dunha imaxe asimétrica transmítenos unha sensación de flexibilidade e vitalidade.




## Equilibrio compositivo dinámico



Xerarquización do espazo visual



Diversidade de elementos e relacións visuais



Contraste

## Ritmo

Consiste na repetición dun elemento visual nun intervalo espacial determinado.

Unha imaxe presenta ritmo compositivo cando se dan dous compoñentes:

Periodicidade: implica repetición dos elementos. Temos:

Lineais: aceptan todas as combinacións entre rectas e curvas.

Formais: buscan a semellanza entre formas.

Cromáticos: Utilizan os recursos de saturación e a facultade de distinguir entre fríos e cálidos.

Estruturación: é o modo de organizar esas estruturas. Podendo ser: continuos, alternos, discontinuos e crecentes.

Nesta repetición progresiva regular podemos aumentar ou diminuír a altura ou o ancho das unidades ou modificar os intervalos das dimensións visuais (tamaño, ton e textura visual).

## Ritmo




Autor Sol Le Witt

Escultura "Doble pirámide negativa" (1998).

Europos Parkas, Lituania

Fotógrafo: Natalia Casado García

Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y Formación Profesional)




## 4.5 Sección Áurea


### 4.5 Sección Áurea

Analizamos os tres tipos de liñas estruturais (vertical, horizontal e diagonal) que nos xeran unha composición simétrica. Pero temos outra forma de dividir o espazo resultando partes asimétricas e non por isto a visión do conxunto é desequilibrada ou incoherente é o que acontece cando utilizamos a **sección áurea**.

A proporción áurea baseada na sección áurea, tivo un papel determinante en toda a historia da arte occidental dende a Grecia clásica. A sección áurea pódese obter por un procedemento xeométrico ou aritmético, aínda que este último resulte máis cómodo en pintura, sobre todo cando se aplica a formatos grandes.



## Particiones derivadas do rectángulo áureo




Velázquez  
Las hilanderas 1657  
Museo Nacional del Prado

(Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y Formación Profesional))

A análise realizouse sobre as medidas reais sobre as que pintou Velázquez, o resto do cadro engadírono un século despois.

## Regra dos dous terzos

Unha aplicación directa da sección áurea en fotografía é a regra dos dous terzos. Consiste en dividir o formato en tres partes na horizontal e outras tres na vertical. As zonas de máximo interese ou atracción sitúanse arredor dos puntos de intersección




Templo de Amon, Karnak, Egipto

(Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y Formación Profesional))

## O encadre

Áo encadrar seleccionamos que é o que se verá na imaxe e como. Con el decidimos cómo será a composición da imaxe. O máis importante é que teña un centro de atención concreto.

### Encadres cinematográficos:



David de Miguel Ángel na praza da Señoría,  
Florenza, Italia  
Fotógrafo: Javier Eleta Salazar  
(Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de  
Tecnologías Educativas y Formación Profesional))

Plano Xeral: A moza con detalle o entorno que rodea ao suxeito, ao obxecto ou ao corpo.

Plano enteiro: Corpo completo.

Plano americano: Ata os xeonllos.

Plano medio: Ata a cintura.

Primeiro plano: Ata os ombros.

Plano detalle: Un elemento aillado.

## 5. Figura e fondo na composición

### 5. Figura e fondo na composición

Cando observamos unha imaxe sexa un debuxo, unha pintura ou unha fotografía, encontrámonos con que unha das partes adquire maior importancia, constituíndose en figura e a outra pasa a ser o fondo da obra.

Tendemos a organizar os elementos que integran a imaxe en dous grupos opostos: os elementos positivos que se perciben como figuras e os elementos negativos que proporcionan un fondo.

Nunha composición os espazos baleiros son parte da imaxe, polo tanto responsables por igual do seu significado.





## **Establecemos as seguintes diferenzas entre fondo e forma:**

- 1.- Cando dous campos teñen a mesma liña de límite común, é a figura a que adquire forma, e non o fondo.
- 2.- O fondo parece que continúa detrás da figura.
- 3.- A figura preséntase como un obxecto definido, sólido e estruturado.
- 4.- A figura parece que ten unha cor local sólida e o fondo parece máis etéreo e vago.
- 5.- Percíbese a figura como máis próxima ao espectador.
- 6.- A figura impresiona máis e recórdase mellor que o fondo, que queda indefinido.
- 7.- O límite ou liña que separa figura e fondo, pertence sempre á primeira.

David Katz agrega outra importante diferenza:

- 8.- A distancia da figura pode ser fixada con máis precisión que a distancia ao fondo que queda por detrás a distancia indeterminada.



## 6. Organización da composición (variables)



### 6.1 Tensión respecto aos eixes vertical e horizontal

#### 6.1 Tensión respecto aos eixes vertical e horizontal

O afastamento das formas respecto aos eixes crea tensión ou desequilibrio chamando a atención do espectador.

Crece a tensión segundo as formas se achegan ao centro axial e decrecen segundo se afasta, aumentando a tensión nos eixes diagonais.

Se a composición non se axunta a ningún eixe aparece un total desequilibrio.



## 6.2 As zonas de atracción

### 6.2 As zonas de atracción

Hai unhas zonas que atraen ou chaman máis a atención que outras:

- A parte baixa da imaxe tende a atraer a atención do receptor.
- A parte esquerda da imaxe (do eixe vertical cara á esquerda) tende a atraer a atención do receptor.
- A diagonal de inicio á parte superior esquerda e fin na inferior dereita, tende a lerse seguindo esa dirección.
- As zonas luminosas posúen máis peso que as zonas escuras

- As cores cálidas transmiten máis peso ás formas, que as cores frías. As cores cálidas tenden a avanzar mentres que as frías tenden a retroceder.
- A profundidade, a maior profundidade maior peso.
- Os tamaños, as formas máis grandes son máis pesadas.
- Aillamento, a destacabilidade ou o contraste co fondo da forma dará maior peso a esas formas.

## 6.3 Dinámica xeral de peso e contra peso

### 6.3 Dinámica xeral de peso e contra peso

- Todo o que chama a atención ten máis peso ou forza.
- O peso pódese contrarrestar coa utilización que realicemos das diferentes formas.
- É necesario conxugar:
  1. O peso froito da situación entre os eixes.
  2. O peso froito da situación ou non en zonas de atracción.
  3. O peso resultado da orientación ou non respecto ás direccións de lectura.
  4. O peso froito da maior ou menor pregnancia (contraste coa figura) das formas implicadas.

## Webquest

---

A composición: elementos estructurais:

<https://sites.google.com/site/acomposicionelementos/>

A composición: esquemas compositivos:

<https://sites.google.com/site/acomposicionesquemas/>

## Bibliografía

---

Arnheim, Rudolf: *Arte y percepción visual*, Alianza Forma, Madrid, 1980.

Berger, R.: *El conocimiento de la pintura*, Nogueira, Barcelona, 1976.

Dondis D.: *La sintaxis de la Imagen*, G.Gili. México, 1997.

Lazotti, L.: *Educación plástica y visual. El lenguaje visual*, MEC y editorial Marea Nostrum, Madrid, 1994.

Malins, Frederick: *Para entender la pintura*, Herman Blume, Madrid, 1983.

Polleri, Amalia: *El lenguaje gráfico-plástico. Manual para docentes, estudiantes y artistas*, Edilyr Uruguay, S.A., 1971.

S´Agaró, J. De: *Composición artística*, LEDA., Las Ediciones de Arte, Barcelona, 1994.

Ward, T. W.: *Composición y perspectiva*, Blume, Barcelona, 1997.